

OBRADOIRO A ONDE VIAXAMOS HOXE?

ASAC ASOCIACIÓN DE ALTAS CAPACIDADES DE GALICIA



MONITOR: Jorge Arturo Allende Marín (Pedagogo)

OBXECTIVO XERAL:

Esta actividade está pensada como un acercamento divertido e ameno ás distintas culturas do noso planeta. Cada día convídase ás nenas e nenos a viaxar a un país distinto onde coñecer á súa xente e os costumes que nos poden parecer máis rechamantes e interesantes dese lugar; explorar os animais autóctonos que viven nos seus ecosistemas máis comúns (desde os desertos máis áridos ata as selvas máis exuberantes); acercarse ás súas capitais, descubriendo os monumentos que se converteron en símbolos; dar un paseo polos acontecementos históricos que marcaron o pasado, presente e futuro de cada cultura; e descubrir que manxares se degustan nas distintas latitudes desta esfera azul á que chamamos fogar.

A finalidade é que entendan que as diferenzas culturais entre persoas de distintos países poden ser algo enriquecedor.

EXEMPLOS DE ACTIVIDADES:

Cada sesión estrutúrase da seguinte maneira. Nun primeiro momento faise unha exposición con imaxes do país que corresponda a través da ferramenta Power Point. Despois propónse unha actividade a través da cal as nenas e nenos poderán



experimentar algo típico de cada país, como por exemplo: a creación dun volcán, para saber o que é vivir en Costa Rica; darlle “palo á piñata” no noso paso por México; escribir en xeroglíficos cando nos somerxamos na cultura do antigo Exipto; xogar a ser grandes pintores expresionistas holandeses ou o baseball cando cruzamos o Atlántico para coñecer a cultura de EE.UU.; e un sen fin de aventuras e vivencias que faranos sentir, aínda máis se cabe, parte do mundo no que vivimos.

ENLACES E/OU RECURSOS DE INTERESE:

Con este xerador de mapas mudos podes colorear os países onde estivemos e imprimir o resultado final

http://edit.freemap.jp/en/trial_version/edit/world

<http://education.nationalgeographic.com/education/mapping/outline-map/?ar a=1>

En Xapón practicaremos o milenario arte do origami

<http://www.en.origami-club.com/traditional/crane/anime-crane/index.html>

En Kenya veremos como os masai danzan e celebran

http://www.youtube.com/watch?v=sz17hyUNGmk&feature=player_embedded

En Tasmania conoceremos ó verdadeiro demo de tasmania!

<http://www.youtube.com/watch?v=mT8IQVsegak>

